

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XII lexislatura
Serie Deputación Permanente
Número 2

Sesión da Deputación Permanente
29 de agosto de 2025

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto único. Escrito das oito deputadas e deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego membros da Deputación Permanente no que solicitan a convocatoria urxente dunha reunión da Deputación Permanente para a convocatoria dun pleno extraordinario monográfico onde compareza o presidente da Xunta de Galicia en relación coa vaga de lumes que se están producindo no mes de agosto de 2025 (doc. 32027, 12/SCDP-000002)



SUMARIO

Ábrese a sesión ás doce e trinta e un minutos da mañá.

O señor presidente abre a sesión da Deputación Permanente e prégalle á señora secretaria (Prado Cores) que proceda á comprobación dos asistentes. (Páx. 4.)

A señora secretaria (Prado Cores) comproba a presenza dos membros da Deputación Permanente e, se é o caso, das substitucións producidas. (Páx. 4.)

Logo de verificada a existencia de quórum, o señor presidente comeza co desenvolvemento da orde do día, que consta dun punto único. (Páx. 4.)

Solicitud das oito deputadas e deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego membros da Deputación Permanente de convocatoria dun pleno extraordinario monográfico onde compareza o presidente da Xunta de Galicia en relación coa vaga de lumes que se están producindo no mes de agosto de 2025

O señor presidente explica a ordenación do debate. (Páx. 4.)

Rolda do grupo parlamentario propoñente: Sr. Bará Torres (BNG). (Páx. 5.)

Rolda dos grupos parlamentarios non propoñentes: Sr. Ojea Bouzo (M) (Páx. 8.), Sr. Gómez Besteiro (S) (Páx. 11.) e Sr. Pazos Couñago (P) (Páx. 14.).

Rolda de peche do grupo parlamentario propoñente: Sr. Bará Torres (BNG). (Páx. 18.)

Rematado o debate, o señor presidente somete a votación a solicitude de celebración dun pleno extraordinario. (Páx. 20.)

Votación da solicitude das oito deputadas e deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego membros da Deputación Permanente de convocatoria dun pleno extraordinario monográfico onde compareza o presidente da Xunta de Galicia en relación coa vaga de lumes que se están producindo no mes de agosto de 2025: rexeitada por 12 votos a favor, 14 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 20.)

Remata a sesión á unha e vinte e nove minutos da tarde.



Ábrese a sesión ás doce e trinta e un minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Ábrese a sesión.

Para comprobar o quórum, prégoille á secretaria, á señora Prado Cores, que proceda á comprobación de asistentes, con indicacións, se é o caso, tamén das substitucións.

A señora SECRETARIA DA DEPUTACIÓN PERMANENTE (Prado Cores): Moi bo día.

Raquel Arias Rodríguez: Si.

Xosé Luís Bará Torres: Si.

Diego Calvo Pouso (substituído por Gonzalo Trenor López).

María Elena Espinosa Mangana: Si.

Julio García Comesaña (substituído por Cristina Campero Dorado).

José Ramón Gómez Besteiro: Si.

Patricia Iglesias Rey: Si.

Armando Ojea Bouzo: Si.

José Alberto Pazos Couñago: Si.

Rosana Pérez Fernández: Si.

Noelia Pérez López: Si.

Carmen María Pomar Tojo: Si.

Ana Pontón Mondelo: Si.

Paula Prado del Río: Si.

Noa Olalla Presas Bergantiños: Si.

Mercedes Queixas Zas: Si.

Olalla Rodil Fernández (substituída por Secundino Fernández Fernández).

Román Rodríguez González (substituído por Roberto Rodríguez Martínez).

Alfonso Rueda Valenzuela (substituído por Miguel Ángel Viso Diéguez).

Cristina Sanz Arias: Si.

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro: Si.

Ethel María Vázquez Mourelle: Si.

Borja Vereas Fraiz (substituído por Juan Manuel Casares Gándara).

Estando presente a secretaria, a vicepresidenta e o presidente, hai quórum.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A orde do día é un punto o único, que é o seguinte.

Solicitud das oito deputadas e deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego membros da Deputación Permanente de convocatoria dun pleno extraordinario monográfico onde compareza o presidente da Xunta de Galicia en relación coa vaga de lumes que se están producindo no mes de agosto de 2025

O señor PRESIDENTE: Como ben saben, a información do desenrolo desta sesión da Deputación Permanente é: unha rolda inicial do grupo parlamentario proponente, por un tempo de 10



minutos; unha rolda dos grupos por un tempo tamén de 10 minutos; e unha rolda de peche do grupo propoñente, por un tempo de 5 minutos. Concluído o debate, procederase á votación.

Entón, se lles parece, comezamos, e para iso ten a palabra, polo grupo propoñente, o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, presidente.

Moi bo día.

Creo que hai algo no que estamos de acordo, que é en que Galiza está sufrindo un dos maiores desastres ambientais, sociais e económicos da historia recente. Lembremos que só en Ourense arderon máis de 100.000 hectáreas, máis do 12 por cento do territorio, e que son os maiores lumes da nosa historia, de toda a historia de Galiza.

Desde o BNG queremos enviar unha mensaxe de ánimo e esperanza ás persoas que perderon casas, bens e os seus medios de vida. Vaia o noso recoñecemento e gratitude ao persoal dos servizos de extinción, cunha lembranza especial para os feridos —aos que desexamos unha pronta recuperación—; o noso recoñecemento aos concellos e ás súas alcaldías, que traballaron día e noite contra esta terríbel vaga de lumes; e, por suposto, á xente, á xente que tivo que facerlles fronte ás chamadas cos seus propios medios ante a ausencia duns servizos de extinción colapsados.

Hoxe a situación está, afortunadamente, moito mellor, en boa parte grazas ao cambio nas condicións climáticas dos últimos días. Mais quero facer unha chamada de atención sobre o lume do vertedoiro da Rúa, que leva catorce días ardendo, ante a pasividade da Xunta de Galiza, que deixou absolutamente abandonado o Concello e a poboación. Desde o BNG pedímoslle que poñan medios e que colaboren co Concello para resolver esta situación que constitúe un grave risco para a saúde pública.

Diante desta grave crise dos maiores incendios da historia, parécenos unha obriga e un acto de responsabilidade a comparecencia urxente do presidente da Xunta nun pleno extraordinario; por certo, como están facendo outros responsábeis gobernamentais de territorios veciños tamén afectados polos lumes. Desde o BNG preguntámoslle: se non o fai por isto, ¿por que o vai facer? ¿Que ten que pasar para que o Partido Popular decida abrir o Parlamento galego en agosto para que compareza o presidente da Xunta?

A realidade é que nesta grave crise nunca vista Rueda non vai dar a cara no Parlamento. O señor Rueda decidiu non vir ao Parlamento en agosto, mais, nun exemplo de coherencia, o Partido Popular forza que o Senado abra catro días nesta semana para que comparezan nada máis e nada menos que catro ministros e ministras do Goberno central.

E, por certo, o presidente de Castela e León comparece hoxe nun pleno extraordinario que foi convocado coa abstención do Partido Popular. Mais aquí o PP decide adiar a convocatoria desta Deputación Permanente e vetar a comparecencia de Rueda. Por certo, decide adiala e, nun exemplo de coherencia e de coordinación perfecta, facela coincidir coa rolda de prensa que está dando o presidente da Xunta en Ourense.



Nestas semanas críticas Rueda tivo tempo para outras cousas. Tivo tempo para acompañar na función de mordomo o señor Feijóo nos peores días da crise e de comunicarse persoalmente con el todos os días, como dixo nos medios de comunicación, mais dar a cara no Parlamento diante da cidadanía vai quedar para dentro de quince días.

O BNG considera que o señor Rueda debería comparecer con urxencia neste Parlamento nun pleno monográfico polas graves responsabilidades do seu goberno —e tamén do presidido anteriormente polo señor Feijóo— na creación das condicións que desencadearon e agravaron este desastre; responsabilidades que son graves por dezaseis anos de políticas erradas para o medio rural e para o monte; responsabilidades pola falta de prevención nun contexto de máximo risco pola situación climática; e responsabilidade tamén polo mal deseño e funcionamento do sistema extinción. E quero deixar claro que exiximos responsabilidades na dirección política da Consellería e do departamento, non no labor do persoal, que é encomiable, tendo en conta a descoordinación, a falta de medios, as precarias condicións de traballo e a incompetencia dos responsábeis políticos. E, neste sentido, quero pedir unha desculpa pública e unha rectificación da portavoz do Partido Popular no Barco de Valdeorras, que acusou directamente os servizos de extinción, ao persoal do servizo de extinción, de ser responsábeis de non actuar correctamente nestes lumes. É gravísimo —¡gravísimo!— e debe ser inmediatamente rectificado, corrixido. Hai que exixir as máximas responsabilidades e a dimisión desta auténtica irresponsable política.

Debería tamén comparecer o señor Rueda para debater as medidas que hai que poñer en marcha no inmediato e no medio prazo para facerlle fronte a esta grave crise e, sobre todo, para evitar que se volva repetir no futuro. Xa tivemos moitos avisos previos. Porque se algo quedou claro ao longo destes días é que hai que cambiar de maneira radical as políticas con ordenación do territorio, con dinamización do medio rural, cun monte multifuncional —monte que é dous terzos da superficie do noso país— e cun monte máis resiliente fronte ao lume.

E outra das ideas sobre as que debería haber acordo é sobre que estamos sufrindo unha crise de lumes que era previsíbel, que foi anticipada; anticipada nos grandes lumes que xa sufrimos no ano 2017 e 2022. É unha crise que era evitábel ou, cando menos, puideron reducirse sensibelmente os seus efectos se se desenvolvese ao longo destes anos outra política para o territorio, para o rural e para o monte. E se se cumprisen tamén as recomendacións do Ditame da Comisión de Estudo do Parlamento Galego de agosto do 2018, que teñen vostedes dispoñible, (*O señor Bará Torres mostra un documento.*) ou tamén as recomendacións do grupo de persoas expertas, (*O señor Bará Torres mostra uns documentos.*) que fixeron tamén un conxunto de documentacións para a mellora do servizo de extinción e de coordinación das emerxencias —que temos que denunciar unha vez máis, e xa o fixemos nos días pasados, que no 70 por cento, cando menos, das propostas, sobre todo aquelas que eran máis estruturais e que tiñan prazos para o seu cumprimento, non se cumpriron—.

Polo tanto, nesta crise hai graves responsabilidades. Hai graves responsabilidades por acción e por omisión, por falta de previsión, de planificación, de prevención, de xestión e tamén por falta dunha resposta —e vímolos ao longo destas semanas— coordinada, áxil e eficaz fronte aos lumes.



E o máximo responsábel desta xestión desastrosa é o señor presidente da Xunta, o señor presidente ausente neste Parlamento. Así é como trata esta Cámara e así é o respecto que lle ten o señor presidente da Xunta a esta Cámara de representación da soberanía popular.

O señor Rueda é tamén o máximo responsábel da nefasta execución orzamentaria da Consellería do Medio Rural, con 105 millóns sen executar —¡105 millóns sen executar!— nos orzamentos do ano 2024. Pero non é só no 2024: 120 millóns sen executar no 2023, 164 millóns sen executar no 2022, 115 millóns en executar no 2021, 90 millóns sen executar no 2020, 105 millóns sen executar no 2019. Nada máis e nada menos que máis de 702 millóns de euros —¡702 millóns de euros!, repito, porque é gravísimo— sen executar ao longo dos anos 2019-2024, cando se tiñan que implementar todas esas medidas que foron aprobadas polo Parlamento, despois dun debate no que participou unha representación amplísima da sociedade galega e onde se propoñían tamén medidas concretas para mellorar o sistema de extinción de incendios e das emerxencias, cunha atención prioritaria a unha serie de zonas que ese grupo de expertos detectaba que tiña un maior risco polo cambio das condicións climáticas, que era xustamente o sur da provincia de Pontevedra, toda a provincia de Ourense, sobre todo a zona leste de Ourense, e tamén o sur de Lugo. Son, polo tanto —e dicímolo con toda claridade e con toda contundencia—, un goberno de incompetentes e de negligentes.

A realidade é que nunha grave crise como esta, nunha crise nunca vista, o señor Rueda non vai dar a cara, e o señor Rueda, ademais, é responsábel de que a estas alturas do ano, cando estamos no mes de agosto, haxa 11 millóns de euros de distintas convocatorias da Consellería do Medio Rural para programas de prevención de incendios que non foran resoltas —a finais do mes de agosto—; é un auténtico escándalo. Isto chámase dunha maneira, chámase irresponsabilidade, chámase negligencia e chámase ineptitude.

As súas políticas erradas, fracasadas e suicidas converteron unha parte importante do país nun polvorín e despois nun ermo negro, en terra queimada, arrasada e devastada, para facer máis fácil o deseño; en realidade, o seu plan, o auténtico plan de goberno que teñen preparado: poñer a inmensa riqueza dos montes e do rural do noso país en mans das eólicas, das mineiras e das pasteiras, poñéndolle a alfombra vermella a Altri e incrementando a nefasta e perigosa eucaliptización do país.

Con este panorama temos que dicir tamén que é imprescindible ampliar esa moratoria que remata a finais deste ano.

E remato, presidente, esta intervención. Esta crise espiu o Goberno do señor Rueda. Viviron ao longo destes anos instalados na soberbia, no triunfalismo e na propaganda, incluíndo unha indecente utilización partidista dos medios públicos —como vimos tamén ao longo desta grandísima crise—, utilizados ao servizo do partido Popular. Levan anos presumindo de ter o mellor sistema de extinción de Europa e recibiron unha estrondosa labazada de realidade, lamentablemente de consecuencias dramáticas.

Por todo isto, o BNG pediu onte a dimisión do señor Rueda, porque quen foi o máximo responsable, como presidente e vicepresidente, das políticas que nos trouxeron a este desastre



non está en condicións de seguir dirixindo o país; e menos de dicir, como dixo —que hai que ter cuajo—, que vai acelerar a prevención, ja estas alturas!

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor BARÁ TORRES: Porque esta nova e terríbel vaga e crise dos lumes debe supoñer un cambio de rumbo, un punto de inflexión nas políticas para o rural e para o monte. É urxente facelo, é imprescindible. Xogámonos moito e hai que levalo a cabo con cambios profundos que non se poden adiar máis. Neste momento de emerxencia e de crise, queremos dicirlle á cidadanía que pode contar co BNG; que o BNG con Ana Pontón á fronte está preparado e vai poñer todo da súa parte para cambiar o rumbo do país, do rural e do monte...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor BARÁ TORRES: ...porque hai esperanza máis alá da devastación e do espolio ao que nos conduciron as políticas pirómanas, as políticas pirómanas do Partido Popular.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Mixto, señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Grazas presidente.

Bos días, señorías.

Moito se leva falado estes días en termos apocalípticos do que leva pasado en Galicia cos lumes, pero eu particularizaríao fundamentalmente na provincia de Ourense. A provincia de Ourense levou, de toda Galicia, a peor parte con diferenza nesta crise, aínda que estes incendios afectaron tamén outras partes de España. Nós sempre chamábamos metaforicamente a provincia de Ourense «a Cinsenta de Galiza», e hoxe temos que dicir que desgraciadamente non só é unha metáfora, senón que, nun sentido literal, a provincia de Ourense está en gran parte, nunha parte enorme, cuberta de cinsa como consecuencia destes incendios.

As consecuencias para a provincia de Ourense, inmediatas e no medio e longo prazo, van ser demoledoras. Á parte do desastre ecolóxico —que imos ver aínda no que queda, porque se agora veñen as choivas e as choivas son grandes, vai pasar o que pasa sempre coas cinsas, que serán arrastradas cara aos acuíferos e chegarán ao mar, como tamén xa se dixo—, as perdas económicas son tamén enormes.

No curto prazo, na provincia de Ourense, foi —como se di habitualmente— un verdadeiro pau para o sector do turismo e para o sector da hostalería, porque, á parte da incidencia directa dos lumes en moitos establecementos hosteleiros, en moitos recursos turísticos e moitos recursos patrimoniais, o turismo do resto de España, os visitantes que tiñan previsto



pasar os seus días na provincia de Ourense cancelaron banquetes, cancelaron pernoctacións, cancelaron... Como poden entender, a mensaxe transmitida era de que a provincia de Ourense estaba ardendo e, loxicamente, o turismo non ía vir. Co cal, como adoita dicirse, *aparte de burros, apaleados*. Á parte das perdas inmediatas que estaban sufrindo todos eses establecementos hosteleiros porque lles estaban ardendo en moitos casos incluso activos dos propios recursos, tiveron que estar cancelando as posibilidades de facturación porque non había visitantes. Isto sen falar das empresas de gandería, de agricultura, que tamén, á parte de perder enseres, tractores ou animais, quedaron en moitísimos casos sen pastos onde poder alimentar os seus animais, e, como saben, van precisar de axudas para poder alimentalos.

Desde logo, os peores casos son os casos en que arderon aldeas, pueblos enteiros. O pueblo de San Vicente de Leira que, ademais de ter o problema que xa todos vostedes coñecen desa estrada que se afundi, encima foi arder. Na zona de Vilardevós, tamén ardeu practicamente outro pueblo. É dicir, a provincia de Ourense tardará en recuperarse desta crise, que teremos que analizar e que vai incidir aínda máis no que dicimos sempre: máis motivo para futuro despoboamento. É dicir, loxicamente, esa xente que perdeu capacidade de recursos por culpa dos incendios terá que buscarse a vida posiblemente, en moitos casos, noutros lugares, contribuíndo ao despoboamento; despoboamento que, á súa vez, contribúe á probabilidade de incendios ou á probabilidade de que se fagan máis incontrolables, porque, onde hai asentada poboación, dalgunha maneira, o campo está máis formatado para que se poidan abordar os labores de extinción.

Loxicamente, van facer falta axudas no curto ou o longo prazo. Hoxe pola mañá, que tivemos un pleno extraordinario, o alcalde advertía sobre o risco de que se pedisen axudas para Galiza e que despois non fosen para quen realmente as necesitaba, que é a provincia de Ourense. Porque, con isto de que Galiza foi moi afectada polos incendios, pode que moitas das axudas que se pidan nas distintas instancias ao final acaben destinadas a outras partes do país, o cal tamén estaría moi ben, pero hai que recordar que a prioridade neste caso é a provincia de Ourense, porque tamén foi a máis afectada. Estas axudas sempre serán irrisorias por moito que se axude, e, ademais de non solucionar en gran parte o problema das persoas afectadas, das empresas afectadas, das ganderías afectadas, van supor unha merma de recursos públicos que ben poderían estar utilizados noutra cousa se non pasase todo iso.

A verdade é que no concello de Ourense, por exemplo, vivimos, nalgúns momentos, practicamente, unha situación que case compararía á situación de guerra. Non só porque estea a UME alí instalada, senón porque, realmente —e falo agora no caso concreto do concello de Ourense, no que vivín en primeira liña un dos incendios—, me dei conta das dificultades de xestión nestes novos incendios, que, segundo din os expertos, á parte dunha diferenza cuantitativa en hectáreas e en superficie, teñen aspectos cualitativos diferentes do resto de incendios. Son incendios que, en moitos casos, sucederon nos contornos periurbanos, case urbanos. Démonos conta das dificultades de coordinación, por exemplo, do tráfico, en zonas limítrofes de termos municipais, onde parte das competencias eran da Policía Local e parte das competencias eran da Garda Civil. Incluso, para efectos de desaloxos, houbo algún caso no que, nalgunha rúa, nunha das aceras tiña que desaloxar a Policía Nacional, e noutra das aceras tiña que desaloxar a Garda Civil, porque eran cambios



de competencias. E todo iso no medio dos bombeiros e no medio de todos os medios de extinción. Quero dicir que a descoordinación era moi evidente. No caso, por exemplo, do tráfico, loxicamente, cando se corta unha carretera ao tráfico, hai que dar alternativas por outras vías. A Policía Local, nalgúns casos, ten competencias, pero, de aí a poucos metros, tenas a Garda Civil, que ten que atender toda a provincia e non soamente o termo municipal.

Desde logo, se a situación que todos vostedes coñecen —foi tamén xa ben descrita polo portavoz do grupo poñente da proposta que foi motivo desta convocatoria— foi motivo suficiente para que os reis de España visitasen a provincia de Ourense, eu penso que é un motivo evidente para que, polo menos, compareza o presidente da Xunta, para que nos explique o que pasou, o que teñen pensado facer e todo o que sexa pertinente. Porque, dende logo, eu imaxino que o presidente da Xunta é quen máis información ten, por lóxica. Debe ter a máxima información acerca de todo o que pasou: causa, consecuencias, alternativas de xestión, etcétera. Porque todos e cada un de nós —eu polo menos— temos información moi parcial. Loxicamente sempre podemos opinar, pero sempre con base na información sempre parcial da que dispoñemos, porque non temos as competencias que ten o presidente da Xunta, e incluso, no ámbito ao que lle compete, o Goberno do Estado. Entón, pensamos que é de sentido común practicamente que compareza o presidente da Xunta de Galicia, como se está pedindo, para, nun pleno, tratar este tema, que, como xa digo, eu vivín na provincia de Ourense; na cidade de Ourense e nos concellos limítrofes.

Houbo tamén un caso moi grave no concello de San Cibrao das Viñas, onde estiveron a punto de arder casas. Hai un problema moi grande do que todos vostedes se darían conta. Onde están a punto de arder casas, priorízase o labor dos servizos de extinción, e entón, mentres tanto, está ardendo o monte, loxicamente. Eu vin algunha casa da que estaban pendentes tres avións para que non ardese. Loxicamente, iso fai que eses avións non estivesen noutro sitio e que os incendios propiamente forestais se fosen estendendo. Porque eu case me resisto a chamar «forestal» un incendio que está pasando nun entorno practicamente urbano, como son moitos entornos de núcleos rurais e da periferia das cidades. Por iso eu digo que tamén non é o mesmo unha hectárea de monte baixo que unha hectárea de bosque ou que unha hectárea de casas, dun núcleo habitado, xa que, loxicamente, neses casos, a prioridade é salvar as persoas, coidar da saúde das persoas e dos enseres.

Por exemplo, no Concello de Ourense, tivemos que remolcar vehículos que estaban aparcados cuxos donos non se sabía onde estaban. Sairían á praia, e estaban a punto de arder... Loxicamente, tivemos que poñer á disposición os propios recursos; agora mesmo, a UME está utilizando un recurso do Concello, como é un polideportivo, que podería estar usándose para outras cousas. Digo o Concello de Ourense como fixeron todos os concellos, desde logo. Os bombeiros, o Servizo de Protección Civil, a empresa concesionaria da auga, que aportou uns camións de auga para axudar a apagar, etcétera.

Quero dicir que todos sabemos as dificultades polas que pasamos estes días. Malas vacacións tivemos, se é que se lles pode chamar así. No Concello de Ourense, realmente chamalas «vacacións» é case unha ironía. Non o digo por min en concreto; dígoo polos pobres visitantes, os pobres emigrantes que volven de volta ao mellor á súa casa, ao seu lugar de orixe despois de pasar o seu período laboral noutros entornos, e veñen para descansar, para



desfrutar un pouco, e teñen que axudar no que poden, para que non lles ardan as casas; as súas propias casas e a dos seus familiares, os negocios dos amigos, etcétera. Malas vacacións pasou toda esta xente, polo menos na provincia de Ourense.

Como digo, o que se pide nesta convocatoria é algo bastante razoable, como é a mera comparecencia do presidente da Xunta no Parlamento. Despois alí, xa con sensatez e con calma, á parte de explicar o que pasou e como pasou e de que dea polo menos a súa interpretación e a do Goberno, hai que deseñar o que se ten pensado facer no futuro, porque, loxicamente, como xa se sabe, a solución tampouco vai ser inmediata e ten que ser unha solución no longo prazo; unha solución que pase polo aproveitamento económico do monte. Hai un experto —non recordo agora o nome— que hai anos deu unha conferencia á que eu asistín na que dicía que, onde hai aproveitamento económico do monte, este non arde. As causas poden ser facilmente explicables, pero non procede detallalas aquí.

Como digo, votaremos a favor de algo tan evidente como que, unha vez que incluso os reis se dignaron en aparecer pola provincia de Ourense, como mínimo, o presidente da Xunta compareza para explicar todo o que teña que explicar, que se poida someter ás cuestións que lle plantexamos, e que, cun espírito construtivo, entre todos, tratemos de que estas crises non se repitan no futuro, polo menos no grado cualitativo e cuantitativo no que se leva producindo neste mes. Aínda está ardendo; loxicamente nalgúns sitios aínda está ardendo. O Goberno está reunido en Ourense —non sei se é nestes momentos ou se xa deberon rematar—. É un acto —digamos— moi simbólico, pero, ademais de acudir alí para dar unha imaxe icónica de que o lugar fundamental que afectaron estes incendios foi a provincia de Ourense, terá que dar explicacións aos representantes do pobo, que somos nós aquí no Parlamento, e ver...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor OJEA BOUZO: ...—si, señor presidente, xa remato— cal é mellor maneira de abordar este problema no futuro. Pero iso pasa, loxicamente, porque poidamos interaccionar co presidente da Xunta e que compareza no Parlamento. Polo tanto, apoiaremos esta petición.

Grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Gómez Besteiro.

O señor GÓMEZ BESTEIRO: Moitas grazas.

Bos días e moitas grazas, señor presidente.

En primeiro lugar quero expresar, no meu nome e no de todo o Partido Socialista, o noso inmenso afecto a todas as persoas que viviron estes días a angustia e o medo dos lumes; ás persoas que tiveron que saír correndo das súas casas, as que viron arder os montes, as terras e mesmo as vivendas dos seus pobos. Esa xente que sentiu o pánico de perdelo todo, mentres



os medios desgraciadamente non chegaban. É certo que a situación mellorou, pero non podemos enganarnos de que o risco segue aí e de que cada chamada á prudencia é pouca. Todos agardamos que, canto antes, este pesadelo quede definitivamente atrás.

Quero tamén enviar unha mensaxe de agarimo e de forza, aos brigadistas e aos militares feridos nesta vaga de lumes, aos cales lles desexamos unha pronta recuperación. E quero tamén dar as grazas de corazón a quen se xogou a vida: foron os bombeiros, os brigadistas, as forzas armadas, a UME, as forzas de seguridade, o persoal de apoio das comunidades autónomas e tamén da Unión Europea e os voluntarios que o deron todo. A eles vaian o noso respecto e a nosa gratitude, porque, se alguén merece medallas e honores neste país, son precisamente eles.

E, por outra parte, teñamos claro que ás persoas afectadas non lles chega só co noso consolo. O que esperan de nós son respostas e solucións e, sobre todo, que non volva acontecer; respostas claras e contundentes de quen tiña as competencias para previr os incendios; de quen tiña as competencias para apagar os lumes; de quen tiña a obriga de despregar —e non o fixo— o persoal que marca o Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais, presentado hai só apenas tres meses; de quen tiña tamén a responsabilidade de garantir que os medios materiais estivesen plenamente operativos... E esa persoa e esa responsabilidade ten nomes e apelidos, e é Alfonso Rueda Valenzuela.

Por iso as e os socialistas pedimos a súa comparecencia, xa hai dez días, e, por iso, o presidente da Xunta virá dar explicacións sobre a vaga de lumes máis virulenta da nosa historia, tal e como nós reclamamos. Entendiamos, e seguimos entendendo, que o verdadeiramente prioritario era, primeiro, atender a emerxencia principal, isto é, apagar os incendios, protexer as vidas, as vivendas e os montes. Non deixa de ser paradoxal que, por petición do Partido Popular, dean antes explicacións ministros que os responsables directos, tanto na prevención como na xestión dos lumes, que son precisamente os que ostentan a presidencia das comunidades autónomas.

Non é admisible ter que perder o tempo en debater obviedades sobre quen ten a competencia en materia de incendios, cando é claramente unha competencia plenamente autonómica e exclusiva. Neste caso, da Xunta de Galicia, salvo que o señor Feijóo queira sacar rédito político desta traxedia culpando o Goberno. Nós non imos entrar nese xogo porque discutir unha evidencia é un verdadeiro exercicio de cinismo, e ese cinismo xa o deixamos para que o traballe o Partido Popular a xornada completa. Hoxe é unha evidencia o que todo o país viu: nin Galicia nin o Goberno do Partido Popular estaban preparados para unha vaga desta intensidade, que, por outra parte, era absolutamente previsible.

Son moitas as explicacións que merecen as e os galegos, e, por iso, mesmo xa avanzo que o noso grupo non vai poñer trabas a ningunha outra petición, como a que se formulaba hoxe nesta Deputación Permanente, para que o presidente da Xunta dea a cara, sexa baixo o formato que sexa; porque a xente que viviu con medo, con dor e con desesperanza os lumes que levaron por diante un anaco das súas vidas e do seu territorio —esa xente que loitou soa, en moitas ocasións, para defendelos— merecen claramente saber a verdade; e a verdade é que non había recursos suficientes e que non había unha organización á altura da Xunta



de Galicia. O que quedou ao descuberto son problemas de fondo que Galicia leva anos sufrindo: unha política forestal abandonada, unha planificación territorial inexistente, un rural sen apoio que deixan morrer, unha política demográfica que non existe e un medio ambiente sen coidado. Nada do que é clave para o equilibrio do noso territorio funciona como debería, e iso ten un nome: desleixo, falta de atención ou que o non supoña utilizar os titulares absolutamente inmediatos.

Por iso, o que ten que explicar Alfonso Rueda cando compareza é algo ben sinxelo: ¿por que Galicia non estaba preparada para afrontar este tipo de emerxencias? —que, por desgraza, non son novas, pero si son máis virulentas, por mor do cambio climático—; ¿por que non había os efectivos prometidos nin os medios operativos nin o Pladiga funcionando como debían?

Durante anos, incluso nestes últimos meses, neste Parlamento, o Partido Socialista advertiu, unha e outra vez do que estaba a piques de pasar. Non era unha hipótese, era unha certeza; e vostedes sabían que isto era unha certeza porque aprobaron, xunto con nós e co noso apoio, unha serie de recomendacións que figuran no Ditame do ano 2018; son un total de 123 medidas para previr e para xestionar os incendios de nova xeración. Nese momento, xa se advertía de que a política antiincendios debía adaptarse ás consecuencias do cambio climático. ¿E que foi o que fixeron vostedes ante as nosas advertencias? Burlarse, responder con soberbia, ridiculizar as alertas, votar en contra cando tocaba tomar decisións...; en definitiva, fronte á responsabilidade, o desprezo máis absoluto.

Dixemos que facía falta máis persoal, e o señor Rueda non quixo nin escoitar; denunciámos que era unha vergoña contratar brigadistas durante tres meses por 1.300 euros para botalos á rúa en outubro e esperar a que, por arte de maxia, aparecesen ou reaparecesen en xullo; dixemos que era unha temeridade mandar os brigadistas municipais para apagar lumes cun curso só de dezaseis horas; alertamos das consecuencias de non cubrir as baixas; denunciámos o sistemático abandono do medio rural... E a súa resposta foi rir, votar en contra da mellora das condicións e presumir de que todo estaba perfecto, ou pluscuamperfecto. Propuxemos máis recursos en prevención, e a súa resposta foi a soberbia e o voto en contra. Sempre o mesmo: negar, negar e negar.

A realidade era outra: os brigadistas e os veciños, que se deixaron a pel, e unha sociedade indignada porque non entendía que se deixase á veciñanza abandonada. Non é serio e, dende logo, non é a política que necesita o noso país.

¿E cal foi o resultado? Que non había persoal suficiente; millóns de euros de fondos europeos para previr lumes que quedaron sen executar; emerxencia climática que nunca se aplicou... Nin un só paso. E a lista é interminable: motobombas paradas por falta de persoal; bombeiros enviados para casa e chamados, despois, con urxencia e ás présas, cando os medios de comunicación xa sabían o que estaba a pasar. Foi todo un verdadeiro despropósito.

Con vostedes o único que sempre funcionou e, efectivamente, dunha forma tremendamente eficaz, foi o rendemento que prestan á propaganda da televisión de Galicia. Aí hai, plenamente, desinformación en vea. É un despropósito tal, que, sete anos despois do Ditame



da Comisión do Parlamento —que, como dicía, votamos favorablemente tanto o Partido Popular como o Partido Socialista—, a inmensa maioría das medidas non se executaron e, entre elas, a Lei galega de loita integral contra os incendios forestais, chamada a reforzar a prevención e que segue, por certo, nun caixón; Lei que vostedes mesmos cualificaron, no seu día, como «prioritaria e imprescindible».

Por iso mesmo, xa lles anuncio que, nesta Deputación Permanente, dende o Grupo Socialista imos pedir que se active de maneira urxente a Comisión de seguimento das medidas que foron aprobadas nese ditame do ano 2018, e das consecuencias tamén dos lumes deste verán; comisión que —insisto— debe poñerse en marcha de forma inmediata porque xa era unha obriga da Xunta de Galicia, recollida no Ditame, dar explicacións do seu avance de maneira anual, algo que incumpriron de maneira sistemática. E falo de Comisión de seguimento porque xa sabemos que, neste Parlamento, as comisións de investigación se converten nun mero paripé que o Partido Popular manexa ao seu antollo coa súa maioría absoluta, como acabamos de ver coa Comisión en relación cos sobrecustos do Hospital de Vigo e cos contratos a dedo.

E tamén adianto que pediremos que as conclusións que se saquen desa comisión se leven á Fiscalía, se se detectan negligencias punibles. É tempo de dar explicacións, e o señor Rueda debe dalas, porque, cando o lume arrasaba, a xente respondeu, a solidariedade estivo presente, os profesionais deron o mellor de si e soamente fallou alguén: o Goberno da Xunta de Galicia.

Vivimos unha das vagas máis graves da nosa historia e, en lugar de asumir responsabilidades, vostedes buscan, coma sempre, desculpas: que se todo é unha trama, que se a culpa é doutros, que ata chuvia depende do presidente do Goberno... Mentres, Galicia segue absolutamente desprotexida.

O que está en xogo non é soamente unha batalla política, é o futuro do noso país, e o que non nos podemos permitir é que isto se volva repetir absolutamente nunca máis.

Moitas grazas, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Pazos Couñago.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, presidente.

Señorías, despois dunhas semanas de enorme dificultade, eu quero comezar a intervención enviando a nosa solidariedade a todos os galegos afectados, dun ou doutro xeito, por esta vaga de lumes que aínda estamos a padecer. Tamén quixera enviar o noso agradecemento ás miles de persoas que levan semanas traballando, ata a extenuación, para protexer a vida e para protexer o patrimonio dos galegos, nunha situación absolutamente extraordinaria.

Galicia afrontou esta vaga de lumes afortunadamente co maior dispositivo antiincendios da nosa historia. Tres mil profesionais do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios



Forestais. Quero saudar especialmente os que aínda hoxe están feridos, como os soldados —que tamén resultaron feridos durante esta vaga de lumes—, os máis de 200 bombeiros, os GES, Protección Civil, aos 343 efectivos de brigadas municipais, a Policía autonómica, a Unidade Militar de Emerxencias —á cal agradecemos moito o seu esforzo e presenza—, as forzas e corpos de seguridade do Estado, os máis de 30 medios aéreos con que contaba este dispositivo, 380 motobombas, 36 *bulldozers*, as 12 unidades [...].

Un continxente —por certo, público— cen por cento público, que tivo que facer fronte a centos de lumes, moitos deles provocados, como testemuñan, non o Partido Popular nin o Goberno, señoría, senón os profesionais que investigan os incendios. Algún artefacto incendiario (*O señor Pazos Couñago mostra a foto dun artefacto incendiario.*) foi localizado nos montes. E, por certo, as estatísticas do seu ministerio, (*O señor Pazos Couñago mostra unha gráfica.*) señoría —as estatísticas do seu ministerio—, do Miteco, aseguran que o 59,23 por cento dos incendios forestais son provocados e un 28,11 por cento son causados por negligencias ou accidentes de orixe humana. Non, non, non é o Goberno galego, é o Goberno español, e quen o afirma son os profesionais e son as probas as que acreditan que Galicia non arde, señoría; a Galicia quéimana. Imos chamar as cousas polo seu nome.

Este ano é certo que a queimaron moito, e, por iso pedimos reforzos; reforzos dos cales nos dixeron que foron excesivos. Pedir vinte *bulldozers* ao Exército parece ser que é excesivo; pedir dous helicópteros de coordinación e trinta motobombas —non enviaron ningunha— debía ser excesivo; as nodrizas para abastecer, precisamente, as motobombas, tamén foron excesivas; e, polo menos —si—, chegaron eses douscentos soldados que pediamos; tarde, pero chegaron.

Tamén quero trasladar a nosa solidariedade aos cidadáns doutros territorios que están vivindo escenas moi similares ás que aquí se produciron porque, por moito que se esforce a oposición en repetir o contrario, estamos a vivir unha situación excepcional que transcende ás fronteiras de Galicia e ás fronteiras incluso de España. O sur de Europa está a padecer a onda de calor máis extrema e prolongada dende que existen rexistros, (*O señor Pazos Couñago mostra un recorte de prensa.*) así o recolle a prensa internacional; prensa que —creo— goza de certo prestixio e que xa advertía de que se están a vivir, de maneira prolongada e imprevista, temperaturas récord en todo o sur de Europa; temperaturas récord, que superan calquera rexistro dende que estes existen, que están a causar e complicar incendios en Portugal, en Italia, en Grecia, en Turquía ou en Albania. Que lonxe chega a influencia da política forestal do Partido Popular de Galicia, ¿verdade?

Esta semana, o Goberno de España aprobaba un decreto, declarando zonas de emerxencia de protección civil nas dezaseis comunidades autónomas afectadas por 114 grandes incendios forestais; dezaseis comunidades de dezasete. Eu creo que, ou concordamos en que o episodio de lumes afecta á práctica totalidade de España, ou alguén está a aplicar criterios para beneficiar a comunidades autónomas que non foron afectadas por estes lumes. Non creo que ninguén pense iso.

Señorías, as decisións que se toman nos momentos de maior dificultade son as que marcan a diferenza entre un líder e un xefe, e houbo diferenzas; diferenzas moi notables entre un e



outros. O líder do Goberno galego decidiu que a súa prioridade era traballar a favor dos galegos e os xefes da oposición decidiron que a súa prioridade era traballar en contra do Goberno. É unha tristeza; é unha triste realidade que, unha vez máis, nun momento de máxima dificultade, a oposición decidise que é máis importante crear problemas que buscar solucións.

Podemos analizar o que fixo cadaquén; a min gustaríame analizar o que fixo o presidente Rueda —que aquí se cuestionou—, respondendo, por certo, á pregunta que un moi reputado e moi obxectivo periodista facía, con ton de reproche, na tamén moi prestixiosa televisión pública nacional: «¿Dónde está Rueda?» Pois diremos onde estaba Rueda.

O presidente Rueda estivo no Centro de Coordinación de Ourense e no Centro de Coordinación de Santiago e, por suposto, no Cecopi, seguindo practicamente a diario a situación e a evolución dos incendios. O presidente Rueda estivo en moitos dos concellos máis afectados, tentando dar apoio aos efectivos que estaban a traballar sobre o terreo. O presidente estivo traballando na solicitude de medios complementarios ao Goberno central e a Europa para reforzar o dispositivo galego de loita contra o lume. O presidente estivo dirixindo consellerías e equipos para coordinar a axuda inmediata para moitos afectados, estivo facilitando información e explicacións practicamente a diario, de maneira o máis obxectiva posible, contando a realidade en cada momento —por dura que fose esa realidade— e tentando chamar á calma, á responsabilidade, á colaboración e a fuxir de confrontacións estériles nun momento no que estas nada aportaban. O presidente estivo pisando a zona cero, escoitando as necesidades dos gandeiros, que xa estaban recibindo naquel momento forraxe para garantir a supervivencia do seu gando. O presidente estivo na Caridade, coñecendo de primeira man as perdas sufridas polos veciños. E non estivo recorrendo a parroquia só, ou acompañado por un enorme séquito de colaboradores, ou protexido por un aínda máis enorme cordón de seguridade, estivo acompañando e percorrendo un escenario dramático da man dos veciños, da man das vítimas, dando a cara sempre e mirándolle á xente aos ollos.

E hoxe o presidente está —como non pode ser doutro xeito— presidindo un consello extraordinario de goberno para aprobar as axudas que mañá mesmo aparecerán publicadas no DOG. Aí estivo, aí está e aí vai seguir estando o presidente Rueda.

E namentres o presidente exercía de presidente, ¿que facían os xefes da oposición? A crítica máis sinxela sería dicirlles que vostedes continuaron desfrutando placidamente das vacacións, pero, visto o que fixeron nos escasos momentos nos que suspenderon o seu descanso, mellor tería sido que non as interrompesen nin un minuto. ¿Onde estaban vostedes mentres o Goberno se deixaba a pel? Pois adicándose a facer o que mellor saben facer. O señor Besteiro, no seu habitual papel de submiso recadeiro, pois dedicouse a trasladarnos puntualmente as mensaxes de Moncloa, ¿verdade?: «A culpa é da privatización do Servizo de extinción galego», di unha vicepresidenta do Goberno de España. Señor Besteiro, ¿a vostede parécelle normal que o Goberno de España espalle un bulo desa magnitude en metade dunha crise incendiaria? ¿Parécelle normal? ¿E que dicir do seu partido, acusando un presidente que estaba ao pé do canón de estar de vacacións en Cádiz? (*O señor Pazos Couñago mostra unha fotografía.*) ¿Xa distinguen vostedes Cádiz de Santiago?



¿Son capaces de distinguir o ano 2024, que é o ano desta foto, do ano 2025, cando vostedes a usaron de maneira torticeira e lamentable?

«A culpa é do cambio climático, a culpa é do abandono do rural, a culpa é da xestión das comunidades autónomas —das comunidades autónomas do PP, por suposto— »... Aquí o Estado non ten nada que ver, a Administración local non ten nada que ver, a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil non ten nada que ver.

Señor Besteiro, ¿podería explicarnos por que os incendios de Galicia son culpa do Goberno autonómico, namentres os incendios de Asturias, de Cataluña, de Navarra ou de Castela-A Mancha son causados polo cambio climático? ¿Pódenolo explicar? ¿Pódenos explicar por que os incendios de Extremadura son culpa dos dous anos da deficiente xestión forestal da señora Guardiola, pero non ten nada que ver a xestión forestal dos socialistas, que gobernaron oito das dez lexislaturas nesa comunidade?

Señor Besteiro, se esta teoría —a súa, esta teoría adoptada dende Moncloa— é certa, ¿por que o señor Barbón, presidente de Asturias, solicita unha reunión das comunidades autónomas do norte para mellorar a resposta coordinada ante unha problemática que recoñece nova e común? Señor Besteiro, ¿ata cando vai seguir vostede facendo de marioneta de Moncloa? Dígollo de verdade, creo que Galicia necesita outra cousa.

A señora Pontón tampouco renunciou a aplicar as receitas clásicas do manual de crise do BNG. Despois dun minuto de debilidade, no que a prioridade era apagar os lumes, comezaron a convocatoria de mobilizacións porque, sen dúbida, manifestacións, pancartas, estreleiras e camisetas de «Altri non» son de gran utilidade para combater o lume. As seguintes mensaxes foron espallar bulos sobre ocultación de datos, cuestionar o operativo de extinción, calcular á man alzada os danos sufridos e, o máis grave de todo —que tamén o fixo vostede hoxe, señoría—, cuestionar as decisións do persoal técnico que dirixe os traballos de extinción. ¿Como se atreven? ¿Como se atreven a cuestionar as decisións tomadas por persoas cun enorme coñecemento técnico, unha experiencia profesional e unha altura ética que simplemente vostedes non poden aspirar nin a alcanzar? É lamentable que a estas alturas non se lles pedisen desculpas publicamente. Ruído, mentiras, descualificacións..., o resumo perfecto da aportación da oposición nesta crise.

Señorías, cadaquén establece as súas prioridades, pero o Goberno galego, a diferenza da oposición, non mudou esas prioridades ao longo destas semanas. A primeira: combater, controlar e extinguir os lumes; a segunda, atender as vítimas de incendios; e, por suposto, facilitar información coa máxima transparencia.

No primeiro minuto desta emerxencia esas parecían ser as prioridades compartidas por todos, e para nós así seguen a ser. Señorías, ¿por que mudaron vostedes as súas prioridades? ¿Por que o seu interese en crispar artificialmente o debate público? «Que compareza Rueda», exixían. E Rueda anunciou que ía comparecer. E, xusto cando o anunciou, entón, non, mellor que dimita directamente, porque, ¿para que o imos escoitar se temos claro xa o que estamos a facer? A pregunta é: ¿para que estamos aquí? Queren que compareza un presidente ao que xa lle pediron a dimisión. ¿Pero que sentido ten isto?



«Comisión de investigación». ¡Pero se teñen as conclusións escritas!, ¡pero se están sinalando sen escoitar nin unha soa palabra quen son os responsables desta situación! ¿Como é posible que se dite sentenza cando nin sequera está comezado o xuízo? Porque vostedes non queren xustiza, vostedes non queren verdade; vostedes o que queren é un linchamento político público. Iso é o que están buscando.

Señorías, non estamos a debater aquí se o presidente vai comparecer ou non vai comparecer. O presidente xa anunciou que vai comparecer no primeiro pleno do período de sesións ordinario, que empeza o luns, ¡eh!, empeza dentro de 48 horas.

¿De verdade van defender que a prioridade neste momento, neste minuto, debe ser un debate parlamentario...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...antes que atender a emerxencia? Eu estou seguro de que ese é un criterio que Galicia non comparte. O Goberno, este grupo parlamentario, as veciñas e veciños afectados e estou seguro que a inmensa maioría de Galicia cre que o realmente importante é o que está a facer o Executivo neste momento, que é aprobar axudas para paliar o sufrimento causado polos incendios; axudas que prioricen a reconstrución de vivendas —das habituais e das segundas e terceiras—; axudas para restaurar viñas e granxas; axudas para reactivar economicamente as zonas afectadas; axudas útiles, axudas rápidas e axudas de tramitación sinxela. Esa é a prioridade.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PAZOS COUÑAGO: E cando atendamos esta prioridade, tempo haberá de desmontar os bulos, as manipulacións...

O señor PRESIDENTE: Grazas...

O señor PAZOS COUÑAGO: ...e os relatos interesados...

O señor PRESIDENTE: Grazas...

O señor PAZOS COUÑAGO: Efectivamente...,

O señor PRESIDENTE: Grazas...

O señor PAZOS COUÑAGO: ...para iso o BNG —e non só o BNG— está moi preparado.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche desta iniciativa, deste debate, o señor Bará, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, presidente.



Pois a verdade é que o Partido Popular veu aquí co seu coñecido manual de prepotencia, de soberbia e de propaganda, e despois do maior desastre ambiental, económico e social deste século en Galiza vén aquí presumir do maior dispositivo, do máis avanzado de Europa, de que había 3.000 efectivos... Antes eran 7.000, pero agora eran 3.000. Pero a realidade é que nin sequera eses 3.000 estaban mobilizados, e tiveron que chamar, polo medio da grave emerxencia, 200 efectivos. Houbo denuncias de todo tipo de descoordinación, de caos, de colapso, de falta de medios, de motobombas avariadas, que non funcionaban, e vostedes pedíndolle motobombas ao Goberno central. ¡De auténtica vergoña, señor portavoz do Partido Popular!

Mire, cando o BNG alertaba dos perigos aos que podía levar a política esta suicida do Partido Popular polo rural, dicíannos que eramos catastrofistas, que viamos todo negro —repetíao moito unha portavoz do Partido Popular—. Pois resulta que o BNG eramos catastrofistas por sinalar o evidente, e o Goberno do Partido Popular é corresponsábel dunha enorme catástrofe. Esa é a diferenza, señor Pazos.

¿E onde estivo Rueda? Di vostede onde estivo Rueda. ¿Quere que lle diga eu onde estivo Rueda o 10 de agosto, cando xa levaban ardidadas en Ourense miles de hectáreas? Na praza de touros de Pontevedra, de festa co señor Rajoy e co señor Feijóo. ¡Unha auténtica vergoña!, ¡unha indecencia! Aí é onde estaba o señor Rueda.

E nos días seguintes, no peor da crise, estaba acompañando o señor Feijóo para facerlle oposición ao Goberno central. Aí estaba o señor Rueda, buscando problemas e non solucións, como dicía vostede.

¿E onde estivo o BNG? O BNG estivo facendo declaracións que mostraron unha auténtica responsabilidade por parte de distintos portavoces ao longo do mes de agosto e por parte da nosa portavoz nacional, Ana Pontón, que se puxo á fronte tamén nesa semana crítica, que estivo tamén ao lado da xente e que formulou propostas en positivo para reactivar e reconstruír o país e para facerlle fronte aos danos de máis de 200 millóns de euros.

Cando se demostrou o caos, o colapso e todos os fallos no sistema e o desastre que era a xestión desta gravísima emerxencia, entón foi cando pedimos a comparecencia de Rueda, cando pedimos que había que abrir o Parlamento. ¿E que pasa? Vostedes din que a prioridade non é abrir o Parlamento, pero a prioridade é abrir o Senado. ¡Claro, pura coherencia! En Madrid, si, en Madrid a prioridade é que funcione a Cámara de representación, pero en Galiza, pechada. Porque non queren que a xente poida asistir a un debate público na sede da soberanía popular —que para iso está— diante dunha situación de emerxencia onde o presidente da Xunta ten que dar conta, explicacións e tamén, se fai falta, asumir responsabilidades. Para iso era esa convocatoria. E despois, dado que vostedes non atendían a nada disto, fomos pedindo outro tipo de medidas.

Miren, está aí o Ditame da Comisión do 2018. Vostede non fixo referencia a esta cuestión. Pero eu voulle citar unha serie de incumprimentos gravísimos que poden ter moitas consecuencias polas negligencias que supoñen. Ese ditame dicía que había que aprobar os plans de ordenación dos recursos forestais de cada distrito, comezando polos de maior



actividade incendiaria, entre 2019 e 2024. ¿Saben cantos hai feitos a estas alturas, señores do Partido Popular, señores do Goberno ausentes? Ningún, ¡ningún! Iso é unha gravísima irresponsabilidade.

Segundo. Elaborar un texto lexislativo novo con toda a normativa existente en materia de prevención e extinción de incendios. Decía o ditame que tiña que estar o 1 de xaneiro do 2019. Empezouse a tramitación no 2021 e está gardado nun caixón, ¡está gardado nun caixón!, cando contemplaba algunhas medidas, porque foi elaborado cun grupo de persoas expertas da universidade. Así é como vostedes respectan o traballo dos investigadores e dos académicos, da xente que sabe deste país, metendo o seu traballo nun caixón durante catro anos. Isto é unha gravísima irresponsabilidade.

Decía ese ditame que había que crear un ente instrumental específico para a prevención, coordinando todas as administracións. ¿Sabe o que pasou con ese ente instrumental específico? Que non se creou, cando pasaron xa seis ou sete anos desde ese ditame. Decía tamén que había que facer ordenación do territorio e usos do solo, plans territoriais integrados, incluíndo a prevención de incendios na planificación territorial, que había que facer ese catálogo de solos agropecuarios e forestais e que había que facer cambios nas emerxencias. Vostedes non fixeron absolutamente nada.

Polo tanto, para rematar, está claro que hai que cambiar o rumbo, que isto ten que significar un punto de inflexión e que hai que cambiar radicalmente as políticas, porque isto era previsible, era coñecido e había xa medidas enriba da mesa que non se aplicaron. Hai unha gravísima irresponsabilidade do Goberno do Partido Popular e do señor Rueda, que non está habilitado para acelerar nada e para facer nada, porque el é o máximo responsable de que todas esas medidas e de que ese cambio non se aplicase. Porque a vostedes o que lles interesa é a terra queimada para favorecer despois os intereses deses grandes grupos económicos, dos especuladores e do extractivismo, que está aquí co seu apoio para chuchar a riqueza galega.

Queremos, polo tanto, dicirlle ao pobo galego que, desde logo, non nos resignamos, que hai esperanza, que outra política é posible para o rural e para o monte e que o BNG vai dar o mellor de si e máis para facela posible, custe o que custe, e aínda que vostedes non poñan ou non queiran poñer nada da súa parte. O pobo galego pode contar con nós coa máxima responsabilidade, coa máxima seriedade e co máximo rigor, porque outro rural e outro monte é posible, e sobre todo é necesario. E hai que acabar co espolio, coa depredación e coa devastación á que nos levaron as políticas do Partido Popular.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Rematado o debate, procedemos á votación do documento no que se solicita un pleno extraordinario.

Votación da solicitude das oito deputadas e deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego membros da Deputación Permanente de convocatoria dun pleno extraordinario monográfico onde



compareza o presidente da Xunta de Galicia en relación coa vaga de lumes que se están producindo no mes de agosto de 2025.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 12; votos en contra, 14.

Polo tanto, queda rexeitada a petición de celebración dun pleno extraordinario.

Remata aquí a orde do día.

Grazas.

Remata a sesión á unha e vinte e nove minutos da tarde.



